



**PORCINO CEBADO**

EURO./KG. VIVO S/G	EUROS		
	KG.	DIF.	
CARNICEIRO	1,500	-0,05	<p><b>Entrase nun outono adiadtado:</b> Os prezos parecen coller unha frenética carreira á baixa (-10 céntimos nas dúas semanas; -7,58%) e antes do agardado (as baixas soen darse sempre cara finais de agosto, principios de setembro).</p> <p><b>Situación de mercado:</b> Se ben as baixas nas dúas semanas son moi importantes, os datos de mercado do vivo non xustifica en ningún caso esta tendencia. Os pesos que se reduciron progresivamente nas últimas semanas están en valores baixos, e a produción segue sendo lixeiramente inferior á demanda, unha demanda incrementada aínda polos efectos do tiron procedente de Portugal. Deste xeito, a xustificación ás baixas hai que buscalas no mercado cárnico, nas dificultades que ten o matadoiro para repercutir o prezo do vivo na carne, tanto no mercado interior como no exterior.</p> <p><b>Mercados Europeos:</b> Os mercados Europeos mantéñense globalmente estables (salvo Italia que repuntou as cotizacións nas tres últimas semanas). E os comentarios son xerais en toda Europa: escasa oferta para o que se demanda, e incapacidade de repercutir as subas do vivo das semanas pasadas, no despece. Tensión nos mercados cárnicos que afecta negativamente</p> <p><b>Previsións:</b> Nestes momentos, nos que a tendencia estacional indica baixas, só se poderá asp</p>
SELECTO	1,245	-0,05	
NORMAL	1,220	-0,05	
CASTRADO	1,500	0,00	
CANAL II	1,584	-0,065	
DESVELLE	0,77/0,83	0,00	

**BACORIÑOS**

PROCED	EUROS			
	KG.	UNIDADE	DIF	
ÚNICA	1,70	34,00	-2,00	<p><b>Baixa nas cotizacións dos bacoriños:</b> Despois das sorprendentes subas do mes de xullo (cinco euros), e as dúas últimas repeticións en valores sorprendentemente altos (no 2008, o bacoriño cotizaba na semana 34 a 27 € o selecto; 21 € no 2007) o bacoriño anota outro descenso, marcado pola baixa do cebo, aínda que tanto a produción e a demanda conteron o descenso a espera da evolución que poida tomar na presente semana.</p> <p>A partires dadora, toca pois resistir: o futuro do cebo segue despertando dúbidas e agosto, sempre é un mes onde se toma algún día de vacacións, o que sempre se traduce en algun retardo na demanda. Ademais, os cebadoiros, están cos ollos postos no que poida pasar no mercado do cebo cara a última semana do presente mes, e en como se situará cara finais de novembro, o que de momento, é unha incognita. Mais aínda que a demanda é curta, a oferta é tamén moi limitada (á variable coxuntural súmase unha variable estrutural - a eliminación de porcas en meses anteriores, sobre todo de granxas de pequena dimensión, que son as que nutren o mercado libre de leitóns) o que pode acurtar as máis que previsibles baixas nas vindeiras semar</p>
VARIAS	1,45	29,00	-2,00	
<p><b>BASE 20 QUILOS SEGUNDO A PROCEDENCIA:</b> ÚNICA EXPLOTACIÓN (LOTES DE 500 OU MÁIS). DE VARIAS (LOTES DE MENOS DE 500 ANIMAIS)</p>				

**OVOS**

CLASE	EUROS				
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.	
XL	1,77	+0,01	1,77	+0,01	<p><b>Lixeiras subas que afectaron esta semana a todas as gramaxes:</b> Apoiados nun escenario Europeo de subas xeralizadas (agás no mercado Francés), e nuns dados de existencias que claramente tenden á baixa, sobre todo nas gramaxes S e L, os ovos incrementan as súas cotizacións, algo que sempre soe pasar unha vez pasado o ecuador de agosto, apoiados nun lixeiro repunte da demanda. Aínda así non podemos falar de momento dun mercado desequilibrado en termos de oferta e demanda, polo que non deberían ser moi bruscas as variacións na vindeira semana.</p>
L	1,40	+0,02	1,40	+0,02	
M	1,26	+0,01	1,26	+0,01	
S	1,00	+0,01	1,00	+0,01	

**GALIÑAS DE DESVELLE**

	EUROS		
	KG.	DIF	
SEMIPEADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,16/0,28	0,00	<p><b>Oitava estabilidade na cotización da galiña:</b> Mercado claramente equilibrado; a demanda escasa, xunto cunha oferta tamén reducida (dáse por rematada a reposición -masiva? de galiñas en granxa), lévanos a unhas cotizacións estabilizadas por oitava semana, agardando ver como se comporta o seguinte mes (tanto en cotizacións dos ovos, como en termos de oferta/demanda de galiñas).</p> <p>Na presente semana, a cotización troca de signo en relación á da mesma semana de 2008 (+1 céntimo; +3,70%).</p>

**COELLO**

	EUROS		
	KG.	DIF	
GRANXA EN VIVO			<p><b>Estabilidade no prezo nun mercado moi tensionado:</b> Aínda que segundo as perspectivas da oferta a produción de coello podería resentirse claramente, con efectos claros a partires do vindeiro mes, os matadoiros falan dunhas malas semanas no que levamos de agosto (cun baixo consumo), o que os deixa sen marxes, tanto para negociar coa distribución, como para negociar coa produción. E a produción, claramente por baixo de custos, non se resiste en ningunha das semanas a tentar rabuñar algún céntimo, que lle permita saír do pozo no que se atopan nos tres últimos anos.</p>
NOVO	1,60 €	0,00	

**COTIZACIÓNS SUBASTA DE GANDO DO DÍA 18/08/2009**



Feira Internacional de Galicia

Silleda - Pontevedra

Tífono 986-580050 / Fax 986-580162

<b>BECERROS RECRÍA</b>		<b>TOTAL TRANSACCIÓNS</b>	<b>137.264</b>
TOTAL ASISTENCIA	<b>692</b>		
TOTAL ADXUDICADOS	<b>659</b>		

<b>RAZA FRISÓN</b>	<b>MACHOS</b>	<b>FEMIAS</b>
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	<b>92</b>	<b>82</b>
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	<b>118</b>	<b>111</b>
BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS	<b>149</b>	<b>111</b>

<b>RAZA CRUCES INDUSTRIAL</b>	<b>MACHOS</b>	<b>FEMIAS</b>
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	<b>253</b>	<b>228</b>
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	<b>319</b>	<b>236</b>
BECERROS MÁIS DE 50 DÍAS	<b>382</b>	<b>288</b>

<b>RAZA RUBIA GALEGA</b>	<b>MACHOS</b>	<b>FEMIAS</b>
BECERROS DE 0 A 25 DÍAS	*	*
BECERROS DE 26 A 50 DÍAS	<b>396</b>	<b>202</b>
BECERROS DE 51 A 120 DÍAS	<b>408</b>	<b>376</b>

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

<b>VACUNO MAIOR</b>		<b>TOTAL TRANSACCIÓNS</b>	<b>123.577</b>
TOTAL ASISTENCIA	<b>212</b>		
TOTAL ADXUDICADOS	<b>191</b>		

<b>CATEGORÍA</b>	<b>PRECIO SEMANAL</b>
VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U	<b>1.409</b>
VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R	<b>961</b>
VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O	<b>520</b>
VACAS CATEGORÍA DESFEITO P	<b>263</b>

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

<b>BECERROS CARNICEIROS</b>		<b>TOTAL TRANSACCIÓNS</b>	<b>54.016</b>
TOTAL ASISTENCIA	<b>78</b>		
TOTAL ADXUDICADOS	<b>61</b>		

<b>PRECIOS KG/ VIVO</b>	<b>MACHOS</b>	<b>FEMIAS</b>
RAZA FRISÓN	<b>1,28</b>	<b>1,21</b>
RAZA CRUCE INDUSTRIAL	<b>2,26</b>	<b>2,22</b>
RAZA RUBIA GALEGA	<b>2,39</b>	<b>2,37</b>

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría